



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Métodos e recursos de investigación literario-cultural no ámbito anglófono		Código	613505114
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descripción xeral	<p>OBXECTIVOS: Ensinar ao estudiantado os obxectivos e métodos da investigación literaria e cultural na área de humanidades. Familiarizar ao estudiantado cos métodos de procura de información sobre temas de investigación literaria e cultural en inglés. Informar ao estudiantado sobre as tendencias dentro do ámbito académico anglosaxón en relación coa investigación literaria e cultural. Axudar aos estudiantado a distinguir na práctica diferentes actividades de investigación, co fin de preparalos como profesionais do mundo académico no campo literario e cultural en inglés. Xerar a aprendizaxe autónoma dos/as alumnos/as, pedíndolle que analicen textos, preparen presentacións e debates e escriban resumos, recensións e ensaios, segundo as instrucións dadas en clase e en titorías.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A9	E09. Coñecemento dos principais modelos e recursos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono
A10	E10. Capacidad de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono
A11	E11. Capacidad para identificar e analizar as características más relevantes da cultura e das institucións do ámbito anglófono a través de diversos tipos de textos pertencentes a diferentes épocas históricas.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidad para adquirir un espírito crítico que leve aos estudiantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudio que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procuras propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidad para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidad para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudio.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



-Posuér e comprender coñecementos que acheguen unha base de ser orixinais nun contexto de investigación -Que os estudiantes saíban aplicar os coñecementos adquiridos -Que os estudiantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrentar á complexidade de formular xuízos sobre as responsabilidades sociais e éticas -Que os estudiantes saíban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados -Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe autónomo -Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos Estudos Ingleses, -Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses		BI11 BI12 BI14
-Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses -Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudiantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes -Autonomía progresiva na aprendizaxe (ex. procuras propias de recursos de información) -Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico -Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación		BI10 BI11 BI13 BI14 BI15
-Coñecemento dos modelos e recursos de investigación literaria/cultural no ámbito anglófono -Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos -Capacidade para identificar e analizar as características más relevantes da cultura e das institucións	AI9 AI10 AI11	

Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción 2. O traballo de investigación (tipos e aspectos) 3. A escritura do traballo 4. Obxectivos, metodoloxía, corpus, argumentación e estrutura 5. Traballar con datos e fontes 6. O traballo con outros materiais 7. Requisitos lingüísticos 8. Manuais de estilo 9. Presentación e publicación dun traballo de investigación 10. Cuestións legais 11. Outras aplicacións da investigación literaria e cultural	

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A9 A10 A11	2	18	20
Presentación oral	B10 B11 B12 B13 B14 B15	5	0	5
Seminario	B10 B11 B13 B14 B15	10	40	50
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Os proxectos supervisados incluirán, entre otros, traballo online.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos. A presentación oral será un dos exercicios prácticos realizados polos/polás estudiantes.
Seminario	Técnica de trabalho en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. Haberá sesións teóricas e prácticas, como tamén debates de clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Estou a disposición do estudiantado no meu gabinete nas horas de tutoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Presentación oral	B10 B11 B12 B13 B14 B15	-Preparación dunha presentación oral	20
Seminario	B10 B11 B13 B14 B15	-Participación na clase, durante as sesións presenciais e a través doutros medios (e-mail, fórmulas de debate, plataforma virtual)	30
Traballos tutelados	A9 A10 A11	As actividades poden incluír: -Resumos críticos e/ou recensións das lecturas obligatorias. -Escribir un resumo (obxectivos de investigación, enfoque, método, datos, resultados esperados) xunto coas súas palabras clave. -Escribir un ensaio de investigación	50

Observacións avaliación



-Para aprobar esta materia, hai que sacar polo menos un 5 (sobre 10) EN CADA UNHA das actividades asignadas (i.e. traballos, presentación, etc.) e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.

-Dado que o máster

contempla a aprendizaxe tanto presencial como a distancia, os/as estudiantes deben asistir ás sesións na aula de clases, a menos que solicitasen e obtivesen a exención oficial da devandita asistencia. Neste caso, a avaliación realizarase da seguinte maneira: participación a través de canles como correo electrónico, foros de discusión, plataforma virtual, etc. (10%); exame oral ou escrito (20%); outras formas de traballo escrito (50%); e presentación oral, xa sexa en vivo ou gravada (20%). Estas normas son extensibles ao alumnado que, por causas debidamente xustificadas, non puidese acceder ao método de avaliación continua especificado arriba.

-Quen

non leve a cabo o traballo tutelado, ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación de Non Presentado.

-Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade de xullo, na que cada estudiante terá que demostrar ter acadadas as competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un traballo tutelado do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade, más os exercicios convidados que poidan suplir o resto das actividades.

-Como di a guía común, as competencias totais a adquirir nesta materia son: CB6, CB7, CB9, G01, G02, G04, G05, G06, G08, G09, G10, E09, E10, E11.

-Todos os traballos deberán ser entregados en tempo e forma para evitar así unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

-O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do estudiantado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" na mesma.

-Se a coordinadora considérao conveniente, poderá haber temas de auto-estudo por parte do alumnado (ex. para ampliar coñecementos). Estes materiais, que non serán obxecto de avaliación, serán provistos en Moodle.

Fontes de información

Bibliografía básica	(Bibliografía)Altick, Richard D., and John Fenstermaker.The Art of Literary Research. W. W. Norton & Co., 1992. Bourdieu, Pierre, et al. Academic Discourse: Linguistic Misunderstanding and Professional Power. Stanford University Press, 1994.Canagarajah, A. Suresh. Critical Academic Writing and Multilingual Students. The University of Michigan Press, 2002.The Chicago Manual of Style. 16th ed., The University of Chicago Press, 2010.Da Sousa Correa, Delia and W. R. Owens, editors. The Handbook to Literary Research.Routledge, 2009.Durham, Meenakshi Gigi and Douglas M. Kellner, editors. Media and Cultural Studies: Keyworks. Wiley-Blackwell, 2012.Henry, D. J. and A. Dorling Kindersley. Writing for Life: Paragraph to Essay. Longman, 2007.The Hodges Harbrace Handbook. Wadsworth, 2010.Leitch, Vincent B. et al, editors. The Norton Anthology of Theory and Criticism. 2nd ed., W. W. Norton & Co., 2010.MLA Handbook for Writers of Research Papers. 8th ed., Modern Language Association, 2016.Soriano, Ramón. Cómo se escribe una tesis. Guía práctica para estudiantes e investigadores. Berenice, 2008. Walker, Melissa. Writing Research Papers.A Norton Guide. W. W. Norton & Co., 1996. Wisker, Gina. The Postgraduate Research Handbook. 2nd ed., Palgrave Macmillan, 2007. (Webs: URLs)Modern Language Association: http://www.mla.org/ The Norton Introduction to Literature: http://www.norton.com/college/english/litweb10/writing/ Purdue Online Writing Lab (OWL): http://owl.english.purdue.edu/
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías